

CO₂RUÑA



NÚMERO 13

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**
CONCELLO DA CORUÑA

O CONCELLO PRESENTA O SEU PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL COINCIDINDO COA CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA EDUCACIÓN AMBIENTAL (26.01.2017)

A área de Medio Ambiente, Infraestructuras e Territorio do Concello prepara para este ano 2017 un ambicioso Programa de Educación Ambiental destinado a todos os grupos de idades.

Esta data sinalada no calendario mundial foi a elixida polo Concello para lanzar unha ambiciosa oferta relacionada coa educación ambiental. Destínase tanto a escolares como a adultos e desenvólvese nas aulas, nos centros cívicos, bibliotecas, asociacións veciñais, espazos abertos da nosa cidade e mesmo en espazos naturais dentro e fóra do municipio.

O programa municipal de educación ambiental ten como elementos máis destacados:

Programas de educación ambiental para escolares: Os escolares da cidade poden, a través da solicitude dos responsables de planificación dos seus centros, acceder a un ambicioso plan de educación ambiental nas aulas. Nos distintos programas dispoñibles en función da súa idade, gozan de dúas actividades na aula e unha visita guiada a un lugar de interese na nosa cidade relacionado co contido formativo abordado nas clases.

O programa de **visitas guiadas, rutas e observación da natureza** está destinado a calquera grupo de idade ou colectivo. Con esta iniciativa, a área de Medio Ambiente pretende cubrir as expectativas demandadas por moitos grupos cidadáns que desexan descubrir espazos urbanos relacionados co medio ambiente ou lugares de interese natural na contorna da cidade. En diferentes datas do ano, a través dos centros cívicos, bibliotecas... pode terse acceso a este tipo de actividades de xeito colectivo o en grupos máis reducidos.

O Encoro de Abegondo Cecebre o Parque de San Pedro ou a contorna de Punta Herminia son algúns dos destinos programados para este ano.

Nas datas de verán **as actividades de educación ambiental nas praias** achegarán tamén dentro do programa educativo municipal tanto a nenos e nenas como a persoas adultas o valor dos nosos areais como espazos con vida natural. A importancia da preservación do medio litoral e mariño ocuparán esas xornadas de sol, area e auga salgada.



Cursos, xornadas e talleres: destinadas a todos os grupos de idade, abordan temas candentes na actualidade ambiental. Especialistas e persoal técnico de diferentes áreas comparecerán ao longo do ano para formar, discutir e educar á cidadanía nun talante e coñecementos ambientais superiores.

Os **días sinalados** no ano como máis importantes para o Medio Ambiente, como o Día de Educación Ambiental, o Día do Medio Ambiente, ou a xa tradicional Hora do Planeta (en colaboración coa ONG WWF/ Adena) etc. contan tamén cun oco destacado na axenda municipal de eventos.

Exposicións sobre distintos aspectos ambientais percorreren os lugares habituais de exhibición deste tipo de contidos na nosa cidade. Ás xa coñecidas de “Fauna alada” ou á elaborada o pasado ano “Cambio climático, unha solución compartida”, únese unha terceira cuxa temática é a importancia da auga e os seus usos e valores ambientais.

Por último, na era das tecnoloxías, a web municipal da área reforzará os seus contidos en **Redes Sociais** para chegar a todas as persoas interesadas, con contidos actualizados informativos e formativos.

Ademais, este ano levaranse a cabo outras accións especiais como un **programa para fomentar e preservar a biodiversidade máis cercana**, concretamente no Parque de Santa Margarita.

Tamén terán un novo pulo as **actividades de Educación Ambiental nas festas dos barrios**, como consolidación do proxecto iniciado o pasado ano para incorporar nas mesmas actividades lúdicas carácter e perspectiva ambiental. Obradoiros creativos de reciclaxe, visitas de observación da natureza dos barrios, obradoiro de bombas de sementes ou o obradoiro “cociñando co sol” serán so algúns dos exemplos.

Un programa formativo destinado a persoas en situación de exclusión social dos asentamentos precarios será outra das novidades para este 2017.

*Sae do burato.
Achégate á
Natureza*

Se es unha persoa con inquietudes ambientais ou pertences a una asociación ou grupo con ganas de aprender sobre a túa contorna. Participa nos **PROGRAMAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL!!**

Visitas guiadas e rutas naturais
Cursos, talleres e xornadas
Celebración de días sinalados
Exposicións ambientais
Actividades en praias
Educación ambiental para escolares

INFORMATE

educacionambiental@coruna.es
981 90 38 34

CORUÑA VIVA
Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA MEDIO AMBIENTE
CORUÑA.es

~

OS PROGRAMAS MUNICIPAIS CONTINUÁN MOI ACTIVOS

Cada programa municipal destinado aos escolares consta de tres accións educativas. Dous delas se levan a cabo nas aulas: a proxección dun audiovisual relatado por un educador e un taller didáctico. A terceira desenvólvese non exterior, cunha saída guiada a un lugar relacionado cos coñecementos tratados na clase.

Cada ano os programas presentan novidades por diferentes razóns. Por exemplo cambios presentes na realidade social (nos programas de Aire e Enerxía gañou moito peso todo o concernente ao cambio climático desde os acordos de París de decembro de 2015) como tamén circunstancias singulares relacionadas cos lugares aos que se acode nas visitas. O pasado ano nestas datas incluíuse a novidade de presenciar a solta do globo da AEmet realizada polos técnicos da propia Axencia, ou coñecer a vivenda prototipo da Vieira en Someso con algún dos protagonistas da súa construción.

En ocasións todo un programa é unha novidade en si. É o caso do de “Fauna de aquí e de alá”. Nestas datas xa contemplamos con suficiente perspectiva a súa inclusión e podemos dicir que a súa acollida foi moi satisfactoria entre os que o seleccionaron. É previsible que nos anos sucesivos este programa creza despois de que funcione entre os centros certa comunicación. Tampouco sería excepcional que profesores que seleccionaron este programa nun centro e que logo dan clase noutros colexios en anos sucesivos elixan repetir.



A inclusión deste programa permitiu que o alumnado que recibiu a formación desterrase crenzas estendidas entre a poboación. O servizo municipal que se ocupa dos animais abandonados, vítimas de atropelos ou que son requisados ten á fronte a facultativos, técnicos e operarios profesionais. Nas actividades na aula como na visita, a aprendizaxe que resume todas as accións neste ámbito é o da tenencia responsable. Con estas dúas palabras agrupamos o control de cría das femias, a saúde tanto física como mental das nosas mascotas, o seu fogar no noso domicilio, etc. E por último, o labor que desde as redes sociais desenvolve o servizo de adopción para que estes animais atopen un novo destino de acollida.

O CONCELLO CELEBRA O DÍA MUNDIAL DOS HUMIDAIIS CUNHA VISITA DESTINADA AO ALUMNADO DO IES MONTE DAS MOAS (2 DE FEBREIRO DE 2017)

O día 2 de febreiro celebramos o Día Mundial dos Humidais. Ata fai non demasiados anos, estes ecosistemas eran considerados como lugares perigosos para a saúde pública por acubillar a insectos e outras especies animais vectores de enfermidades. Hoxe sabemos que os humidais atópanse entre os lugares máis ricos en vida vexetal e animal do planeta e que o futuro de millóns de persoas en todo o mundo depende da súa conservación e fortalecemento.

Que é un humidal?

O Convenio internacional de Ramsar, que vela pola protección dos humidais a nivel global, conta cunha longa definición para describir estes ecosistemas. Simplificando ao máximo, poderíamos dicir que agrupa tanto unha baía mariña de pouca profundidade como un encoro construído polos humanos. Hai moitos tipos de humidais diferentes: estuarios, beiras de ríos, acuíferos subterráneos, lagos e lagoas, marismas, pantanos...

Valores e funcións dos humidais

Este é un dos puntos máis relevantes da saída: a importancia destes espazos para a conservación da flora e fauna, pero tamén como sustento esencial de comunidades humanas, evitando, ademais, catástrofes naturais por inundacións ou precipitacións. Na xornada fíxose especial fincapé en funcións como:

1.- Retención de augas e control de inundacións.

A vexetación dos humidais desempeñan unha función moi importante ao reducir a velocidade de circulación das augas de crecida.

2.- Reposición dos acuíferos subterráneos.

Os acuíferos subterráneos almacenan o 97% da auga doce non conxelada do mundo, e achegan auga potable a case un terzo da poboación.

3.- Estabilización de costas e defensa ante temporais.

Os humidais contribúen a reducir ao mínimo o impacto da acción do vento, así como das ondas e correntes, en tanto que as raíces das plantas contribúen a reter os nutrientes.

4.- Retención e “exportación” de chans e nutrientes.

En moitas zonas do mundo, os limos traídos polos ríos e acumulados nas súas beiras son convertidas durante a tempada seca en extraordinarias zonas de cultivo.

5.- Depuradoras naturais.

Os humidais eliminan eficazmente as altas concentracións de nutrientes perniciosos asociados comunmente á escorrentía agrícola.

6.- Reservas para a biodiversidade.

A pesar de que os ecosistemas de auga doce só cobren o 1% da superficie da Terra, aloxan a máis do 40% das especies do mundo e ao 12% de todas as especies animais.

7.- Orixe de produtos de gran importancia económica.

A lista é case infinita: froita, peixe, marisco, carne, forraxe para animais, etc.

8.- Base dunha florecente industria do lecer.

A beleza natural, así como a diversidade da vida animal e vexetal de moitos humidais fan que sexan lugares de destino turístico ideais.

9.- Valor cultural.

Esta función dos humidais está relativamente mal documentada, pero son moitos os casos de humidais con importantes valores relixiosos, históricos, arqueolóxicos, e outros valores culturais que representan unha parte do patrimonio da nación.

10.- Mitigar o cambio climático.

Os humidais son capaces de absorber importantes cantidades de carbono. A súa destrución, por tanto, liberará un gas de efecto invernadoiro, o dióxido de carbono, mentres que a súa restauración e creación traducirase na retención de máis carbono.



Lagoa de Eirís

Os coruñeses gozamos no entorno da nosa cidade do encoro de Abegondo-Cecebre onde poder observar un dos humidais máis valiosos e representativos de Galicia. Estes valores que compartimos co municipio de Abegondo é tamén o acuífero de servizo de auga potable da nosa cidade.



Encoro de Abegondo-Cecebre

A riqueza ornitolóxica deste lugar quizá sexa a máis evidente, singularmente nas datas invernales, pero non é a única. Nestas datas centenaes de aves frecuentan o humidal para deterse nas súas viaxes migratorias ou para quedar a pasar as datas máis rigorosas de frío na nosa proximidade, lonxe dos seus lugares de cría que permanecen agora baixo a neve ou o xeo. O espectáculo é maxestuoso e moi accesible: cuns prismáticos e unha guía de aves (das que hai varias editadas online) podemos iniciarnos no goce deste mundo que discorre fronte aos nosos ollos. Pero resulta igualmente moi interesante coñecer algúns dos seus valiosos taxóns vexetais, a súa importancia como sumidoiros de CO₂ da nosa contorna e outros importantes e relevantes servizos que o encoro nos ofrece coa súa veciñanza. Todo isto é o motivo da conmemoración internacional desta xornada e destes valiosos ecosistemas.



Non é o noso único humidal importante:

Outro humidal de interese rexional da nosa cidade é a Ría do Burgo. Preto de tres mil aves foron contabilizadas no anual Censo de Aves Acuáticas Invernantes que se realiza cada inverno en toda Europa. O seu entorno, zona de espaxamento para camiñantes, para ciclistas..., é un auténtico pulmón verde do arrabalde urbano que pode ser cualificado, por dereito propio, como un dos ecosistemas máis valiosos do noso entorno.



Ría do Burgo

Na definición do Convenio de Ramsar, e pola importancia de todos eles, tamén figuran outro tipo de humidais, tanto de factura humana, como temporais encharcamentos que contribúen a enriquecer a biodiversidade de maneira estacional. Exemplos disto son a lagoa naturalizada de Eirís, as pequenas charcas de Punta Herminia ou espazos novos ou recuperados como a nova lagoa do Parque Adolfo Suárez.

Co motivo da celebración desta xornada, tamén se celebrou na Universidade sa Coruña unha charla acerca dos valores dos humidais locais e tamén os da provincia como parte da formación dos futuros biólogos.



Mazarico chiador

NOVIDADES COS RESIDUOS DOMICILIARIOS

Concellera de Medio Ambiente: "os veciños que mellor fagan a separación verán recompensado o seu esforzo"

"Queremos implantar un sistema que prime a colaboración da cidadanía con incentivos, de forma que quen colabore pague menos". A concelleira, que expresou que este tipo de medidas esixen un esforzo loxístico importante, anunciou que por aí irá a futura política municipal de residuos. En breve verá a luz este novo plan conforme declarou ao diario A Opinión a máxima responsable da área de Medio Ambiente.

Xa hai localidades españolas que premian aos cidadáns que colaboran dun modo máis activo na separación dos residuos. Para iso empréganse métodos como a identificación das bolsas do lixo con códigos de barras, o uso de colectores que só poden abrirse mediante a utilización dunha tarxeta identificativa, así como o de recolleita porta a porta, entre outros.

O prepararse para estes sistemas de pago por xeración "aos que hai que ir si ou si" é o futuro no tocante aos residuos urbanos. Á parte de ser a factura máis custosa da xestión municipal, supón un problema ambiental de primeira orde en todas as cidades.

A limpeza viaria:

Desde a concellería de Medio Ambiente trabállase tamén na preparación do prego de condicións da limpeza viaria, xa que o actual contrato termina en 2018. O novo compromiso incluírá a obriga (entre outras) da concesionaria do servizo de efectuar unha limpeza periódica con auga en todos os barrios da cidade -actualmente só efectúase na zona centro.

Parques e xardíns

Outro dos servizos dependentes deste departamento é o do mantemento de parques e xardíns.

Respecto a concelleira, María García, expresou o seu interese en que A Coruña destaque polo coidado das súas zonas verdes. Para iso fomentárase o manexo ecolóxico e a naturalización dos parques e xardíns, así como que estas zonas teñan todo tipo de usos.

Novos colectores

Mentres chega este novo plan á nosa cidade aparecen novidades nas nosas rúas. Dous colectores apareceron no noso xeito de xestionar os lixos domésticos.

Como fungos en poucos días ocuparon unha chea de lugares nos nosos barrios. Preto de pavillóns de deporte, en cruces peonís, etc. Son froito de senllos acordos con dous colectivos moi activos e presentes desde hai anos na Coruña.

Colector de aceite

A diferenza do aceite que se recolle nos puntos limpos neste colector o aceite debe de ser depositado no seu recipiente. E só aceite vexetal!

Da súa xestión e tratamento encárganse estas mulleres:



Colector de téxtil

Varias son as ONG que en distintos lugares da cidade recollen téxtil. A que maior implantación, por número de colectores efectuou, é a de *Padre Rubinos*





**CORUÑA
VIVA**

CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para más información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE

